



PROBA 1- CUESTIONARIO DE PREGUNTAS TIPO TEST - GALEGO

1. O artigo 3.2 da Constitución Española de 1978 sinala que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas súas respectivas comunidades autónomas de acordo con:

- a) Os seus Decretos.
- b) As súas normas regulamentarias.
- c) Os seus estatutos.
- d) Todas as respostas son correctas.

2. Segundo se dispón no artigo 15 da Constitución Española de 1978:

- a) Queda abolida a pena de morte, agás o que poidan dispoñer as leis penais militares para tempos de guerra.
- b) Queda abolida a pena de morte, agás o que poidan dispoñer as leis penais para tempos de guerra.
- c) Queda abolida a pena de morte en todo caso.
- d) Queda abolida a pena de morte en tempos de paz.

3. Segundo o disposto no artigo 62 da Constitución Española de 1978, ao Rei non lle corresponde:

- a) O mando supremo das forzas armadas.
- b) O Alto Patronazgo das Reais Academias.
- c) Exercer o dereito de graza con arreglo á lei, podendo autorizar indultos xerais.
- d) Nomear e separar aos membros do Goberno, a proposta do seu Presidente.

4. Segundo o artigo 140 da Constitución Española de 1978, os municipios gozan de personalidade xurídica:

- a) Plena
- b) Propia.
- c) Orgánica.
- d) Limitada.

5. Segundo o artigo 140 da Constitución Española de 1978:

- a) Os Alcaldes serán elixidos polos Concelleiros ou polos veciños.
- b) Os Alcaldes serán elixidos polos Concelleiros ou polos veciños polo sistema maioritario.
- c) Os Alcaldes serán elixidos polos Concelleiros ou polos veciños polo sistema D'hondt.
- d) Os Alcaldes serán elixidos polos Concelleiros, polos veciños ou por unha Comisión Xestora designada pola Deputación Provincial en caso de disolución do Concello.



6. Segundo o artigo 124 da Constitución Española de 1978, ¿quen nomea ao Fiscal Xeral do Estado?

- a) O Rei, a proposta do Tribunal Supremo, oído o Consello Xeral do Poder Xudicial.
- b) O Presidente do Tribunal Supremo, a proposta do Rei, oído o Consello Xeral do Poder Xudicial.
- c) O Rei, a proposta do Goberno, oído o Consello Xeral do Poder Xudicial.
- d) O Rei, a proposta do Presidente do Goberno, oído o Consello Xeral do Poder Xudicial.

7. As disposicións do Goberno que conteñan lexislación delegada recibirán o título de:

- a) Leis orgánicas.
- b) Leis ordinarias.
- c) Decretos-Lei.
- d) Decretos lexislativos.

8. O artigo 34 da Constitución Española de 1978, reconece o dereito de fundación para fins de:

- a) Interese público.
- b) Utilidade pública.
- c) Interese xeral.
- d) Obrigado cumprimento.

9. A iniciativa lexislativa, en materias propias de lei orgánica, corresponde a:

- a) Presidente do Goberno.
- b) O Goberno, ao Congreso e ao Senado.
- c) Presidente do Congreso dos Deputados.
- d) Os Presidentes das Comunidades Autónomas.

10. Sinala a resposta correcta. Segundo o artigo 86 da Constitución Española de 1978:

- a) En caso de ordinaria necesidade o Goberno poderá ditar disposicións lexislativas provisionais que tomarán a forma de Decretos-Lei.
- b) En caso de extraordinaria e urxente necesidade o Goberno poderá ditar disposicións lexislativas provisionais que tomarán a forma de Decretos-Lei.
- c) En caso de extraordinaria e urxente necesidade o Presidente do Goberno poderá ditar disposicións lexislativas definitivas que tomarán a forma de Decretos-Lei.
- d) En caso de extraordinaria e urxente necesidade o Goberno poderá ditar disposicións lexislativas definitivas que tomarán a forma de Decretos lexislativos.



11. O artigo 113 da Constitución Española de 1978 sinala ao respecto da moción de censura que:

- a) Deberá ser proposta polo menos pola décima parte dos Deputados e haberá de incluír un candidato á Presidencia do Goberno.
- b) Deberá ser proposta polo menos pola quinta parte dos Deputados e haberá de incluír un candidato á Presidencia do Goberno.
- c) Deberá ser proposta polo menos pola maioría absoluta dos Deputados e haberá de incluír un candidato á Presidencia do Goberno.
- d) Deberá ser proposta polo menos pola maioría simple dos Deputados e haberá de incluír un candidato á Presidencia do Goberno.

12. A prestación do consentimento do Estado para obrigarse por medio de tratados ou convenios internacionais requirirá a previa autorización das Cortes Xerais:

- a) En todo caso.
- b) Só no caso tratados ou convenios que impliquen obrigas financeiras para a Facenda Pública.
- c) No caso de tratados de carácter político, entre outros.
- d) No caso de tratados sobre materias de carácter estratéxico para o Estado español.

13. Segundo o artigo 13 da Constitución española de 1978:

- a) Soamente os españois serán titulares dos dereitos recoñecidos no artigo 23, agás que, atendendo a criterios de reciprocidade, poida establecerse por tratado ou lei para o dereito de sufraxio activo e pasivo nas eleccións municipais.
- b) Soamente os españoles serán titulares dos dereitos de sufraxio activo e pasivo.
- c) Soamente os españoles son titulares dos dereitos recoñecidos no artigo 23, agás que atendendo a criterios de reciprocidade, poida establecerse por tratado ou lei para o dereito de sufraxio activo e pasivo nas eleccións municipais e nacionais.
- d) Soamente os españoles son titulares dos dereitos recoñecidos no artigo 23, agás que atendendo a criterios de reciprocidade, poida establecerse por tratado ou lei para o dereito de sufraxio activo e pasivo nas eleccións autonómicas e municipais.

14. Segundo o artigo 288 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea:

- a) O regulamento terá un alcance xeral. Será obrigatorio en todos os seus elementos e directamente aplicable en cada Estado membro.
- b) O regulamento obrigará ao Estado membro destinatario en todos os seus elementos e será directamente aplicable.
- c) A directiva terá sempre un alcance xeral, obrigando aos estados membros en canto ao resultado que deba conseguirse, deixando, sen embargo, ás autoridades nacionais a elección da forma e dos medios.
- d) A directiva terá como destinatario unicamente a un Estado membro, obrigándoo en canto ao resultado que deba conseguirse, deixando, sen embargo, ás autoridades nacionais a elección da forma e dos medios.



15. A estrutura institucional da Unión Europea regúlase nos seguintes Tratados:

- a) O Tratado da Comunidade Europea e no Tratado de Funcionamento da Unión Europea.
- b) No Tratado da Unión Europea e na Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea.
- c) No Tratado constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica e no Tratado de Funcionamento da Unión Europea.
- d) No Tratado da Unión Europea e no Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

16. Segundo o artigo 14 do Tratado da Unión Europea, o Parlamento Europeo:

- a) Non excederá de 701 membros (700 eurodiputados e o Presidente).
- b) Non excederá de 850 membros (849 eurodiputados e o Presidente).
- c) Non excederá de 651 membros (650 eurodiputados e o Presidente).
- d) Non excederá de 751 membros (750 eurodiputados e o Presidente).

17. Segundo o artigo 36 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no que se refire á forma dos actos administrativos axustarase ás seguintes regras:

- a) Os órganos administrativos poderán exercer a súa competencia de forma verbal. A constancia escrita do acto, cando sexa necesaria, efectuarase e asinará polo titular do órgano inferior ou funcionario que a reciba oralmente, expresando na comunicación do mesmo a autoridade da que procede.
- b) Os órganos administrativos non poderán exercer, en ningún caso, a súa competencia de forma verbal.
- c) Se se tratase de resolucións, o superior xerárquico do titular da competencia deberá autorizar unha relación das que ditase de forma verbal, con expresión do seu contido.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

18. Segundo o principio de inderrogabilidade singular, recollido no artigo 37 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

- a) As resolucións administrativas de carácter particular non poderán vulnerar o establecido nunha disposición de carácter xeral, aínda que aquelas procedan de un órgano de igual ou superior xerarquía ao que ditou a disposición xeral.
- b) Unha disposición de carácter xeral non pode ser derogada pola autoridade que a ditou.
- c) Tanto a autoridade que a ditou, como calquera outra superior, pode derogar unha disposición de carácter xeral para un caso concreto.
- d) A autoridade superior á que a ditou pode derogar unha disposición xeral para un caso concreto.



19. Segundo o artigo 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen:

- a) Vinte días hábiles desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
- b) Quince días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
- c) Dez días hábiles desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
- d) Dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

20. Segundo o artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando os interesados nun procedemento sexan descoñecidos, se ignore o lugar da notificación ou ben, tentada esta, non se puidese practicar, a notificación deberá realizarse por medio dun anuncio publicado no:

- a) Boletín oficial do Estado.
- b) Boletín oficial da Comunidade Autónoma.
- c) Boletín oficial da provincia correspondente.
- d) Taboleiro de edictos do Concello do último domicilio do interesado.

21.- Segundo o artigo 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as Administracións Públicas enviarán un aviso ao dispositivo electrónico e/ou á dirección de correo electrónico do interesado que este identifícase, informándolle da posta a disposición dunha notificación na sede electrónica ou na dirección electrónica habilitada única:

- a) Unicamente se enviará cando a notificación se realice por medios electrónicos. A falta de práctica deste aviso impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
- b) Con independencia de que a notificación se realice en papel ou por medios electrónicos. A falta de práctica deste aviso impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
- c) Con independencia de que a notificación se realice en papel ou por medios electrónicos. A falta de práctica deste aviso non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

22. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece en canto á nulidade e anulabilidade, as seguintes regras:

- a) O órgano que declare a nulidade ou anule as actuacións dispoñerá sempre a conservación daqueles actos e trámites cuxo contido se mantivera igual de non terse cometido a infracción.
- b) A Administración poderá validar os actos nulos e anulables, emendando os vicios de que adoezan.
- c) O defecto de forma determinará a anulabilidade do acto en todo caso.
- d) O vicio dun acto consistente en incompetencia material non é determinante de nulidade.



23. Segundo o artigo 106 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

- a) Cando o procedemento de revisión se iniciara de oficio, o transcurso do prazo de tres meses dende o seu inicio sen ditarse resolución producirá a caducidade do mesmo.
- b) Cando o procedemento de revisión se iniciara de oficio, o transcurso do prazo de seis meses dende o seu inicio sen ditarse resolución producirá a caducidade do mesmo.
- c) Se o procedemento se iniciara a solicitude de interesado, poderase entender a mesma estimada por silencio administrativo.
- d) O órgano competente para a revisión de oficio non poderá acordar a inadmisión a trámite das solicitudes formuladas polos interesados, debendo solicitar, en todo caso Ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo da Comunidade Autónoma.

24. Segundo o artigo 107 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a declaración de lesividade

- a) É susceptible de recurso.
- b) Non poderá adoptarse unha vez transcorridos tres anos dende que se ditou o acto administrativo.
- c) Adoptarase polo Pleno da Corporación, se o acto proviñese das entidades que integran a Administración Local.
- d) Transcorrido o prazo de tres meses desde a iniciación do procedemento sen que se declarara a lesividade, producirase a caducidade do mesmo.

25. Segundo o artigo 112 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,

- a) Os recursos contra un acto administrativo que se funden unicamente na nulidade dalgunha disposición administrativa de carácter xeral poderán interpoñerse directamente ante o órgano que ditou dita disposición.
- b) Contra as resolucións e disposicións administrativas de carácter xeral, poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.
- c) Contra os actos de trámite non cabe, en ningún caso, a interposición de recursos en vía administrativa.
- d) O recurso de reposición non poderá ser substituído por outros procedementos de impugnación, reclamación, conciliación, mediación e arbitraje, ante órganos colexiados ou Comisións específicas non sometidas a instrucións xerárquicas.

26. Segundo o artigo 117 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,

- a) A interposición de calquera recurso suspenderá, como regra xeral, a execución do acto impugnado.
- b) A interposición de calquera recurso, excepto nos casos en que unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado.
- c) Poderán adoptarse as medidas cautelares que sexan necesarias para asegurar a protección do interese público ou de terceiros e a eficacia da resolución ou o acto impugnado, con carácter previo a ditar o acordo de suspensión.
- d) A suspensión non poderá prolongarse despois de esgotada a vía administrativa en ningún caso.



27. Segundo o artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

- a) Para a presentación de declaracións responsables ou comunicacións presumirase a representación dos interesados que actúen por medio de representante.
- b) Unicamente as persoas físicas con capacidade de obrar poderán actuar en representación doutras ante as Administracións Públicas.
- c) A representación deberá acreditarse, en calquera caso, mediante apoderamento apud acta efectuada por comparecencia electrónica na correspondente sede electrónica da administración a que se dirixa.
- d) A falta ou insuficiente acreditación da representación non impedirá que se teña por realizado o acto de que se trate, sempre que se achegue aquela ou se emende o defecto dentro do prazo de dez días que deberá conceder ao efecto o órgano administrativo, ou dun prazo superior cando as circunstancias do caso así o requiran.

28. Segundo o artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no que se refire ao cómputo de prazos:

- a) Os prazos expresados en días contaránse a partir do día en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate.
- b) Os prazos expresados en días contaránse a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate.
- c) Sempre que por Lei ou no Dereito da Unión Europea non se exprese outro cómputo, cando os prazos se sinalen por días, enténdese que estes son naturais.
- d) A declaración dun día como hábil ou inhábil a efectos de cómputo de prazos determina por si soa o funcionamento dos centros de traballo das Administracións Públicas, a organización do tempo de traballo, así como o réxime de xornada e horarios das mesmas.

29. Segundo o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no que se refire á ampliación de prazos axustarase ás seguintes regras:

- a) A Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos.
- b) A Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder unicamente a pedimento dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda dun terzo do prazo inicialmente concedido.
- c) A petición de ampliación de prazos non poderá realizarse respecto dun prazo xa vencido pero a decisión sobre a ampliación poderá realizarse tras o vencemento do prazo de que se trate.
- d) Os acordos sobre ampliación de prazos ou sobre a súa denegación serán susceptibles de recurso.



30. Segundo o artigo 77 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no que se refire aos medios e período de proba axustarase ás seguintes regras:

- a) Os feitos relevantes para a decisión dun procedemento poderán acreditarse por calquera medio de proba admisible en Dereito, cuxa valoración se realizará de acordo cos criterios establecidos na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuizamento Civil.
- b) Cando a Administración non teña por certos os feitos alegados polos interesados ou a natureza do procedemento o esixa, o instrutor do mesmo acordará a apertura dun período de proba por un prazo non superior a sesenta días nin inferior a quince, a fin de que poidan practicarse cantas xulgue pertinentes
- c) O instrutor do procedemento non poderá rexeitar, en ningún caso, as probas propostas polos interesados.
- d) Cando a proba consista na emisión dun informe dun órgano administrativo, organismo público ou Entidade de dereito público, entenderase que este ten carácter facultativo.

31. Segundo o artigo 80 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no que se refire á emisión de informes axustarase ás seguintes regras:

- a) Salvo disposición expresa en contrario, os informes serán vinculantes.
- b) Os informes poderán ser emitidos, ben en formato papel ou a través de medios electrónicos no prazo máximo de quince días hábiles a contar desde aquel en que fose formulada a correspondente petición.
- c) De non emitirse o informe no prazo sinalado, e sen prexuízo da responsabilidade en que incorra o responsable da demora, poderanse proseguir as actuacións salvo cando se trate dun informe preceptivo, nese caso poderase suspender o transcurso do prazo máximo legal para resolver o procedemento.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

32. O artigo 95 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece, en canto á caducidade do procedemento, as seguintes regras:

- a) Nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, cando se produza a súa paralización por causa imputable ao mesmo, a Administración advertiralle que, transcorridos tres meses, producirase a caducidade do procedemento.
- b) Nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, cando se produza a súa paralización por causa imputable ao mesmo, a Administración advertiralle que, transcorridos seis meses, producirase a caducidade do procedemento.
- c) A caducidade produce por si soa a prescrición das accións do particular ou da Administración
- d) A caducidade resulta aplicable aínda no caso de que a cuestión suscitada afecte o interese xeral.



33. En aplicación do artigo 21.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen o prazo máximo, este será de:

- a) Un mes.
- b) Tres meses.
- c) Seis meses.
- d) Un ano.

34. Sinala a opción incorrecta. O artigo 98 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sinala que os actos das Administracións Públicas suxeitos ao dereito Administrativo serán inmediatamente executivos:

- a) En todo caso.
- b) Salvo que se produza a suspensión da execución do acto.
- c) Salvo que se trate dunha resolución dun procedemento de natureza sancionadora contra a que caiba algún recurso en vía administrativa, incluído o potestativo de reposición.
- d) Salvo que unha disposición estableza o contrario.

35. En aplicación do artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, considéranse contratos menores:

- a) Os contratos de valor estimado inferior a 50.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos.
- b) Os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos.
- c) Os contratos administrativos de calquera clase de valor estimado inferior a 60.000 euros.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

36. En aplicación do artigo 212 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, os expedientes de resolución contractual deberán ser instruídos e resoltos no prazo máximo de

- a) Tres meses.
- b) Seis meses.
- c) Oito meses.
- d) Un ano.



37. En aplicación do artigo 67 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, nos procedementos de responsabilidade patrimonial, o dereito a reclamar prescribirá:

- a) Aos tres meses de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifeste o seu efecto lesivo.
- b) Aos seis meses de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifeste o seu efecto lesivo.
- c) Aos nove meses de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifeste o seu efecto lesivo.
- d) Ao ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou se manifeste o seu efecto lesivo

38. O artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, establece, en canto aos principios da responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, as seguintes regras:

- a) Os particulares terán dereito a ser indemnizados polas Administracións Públicas correspondentes, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- b) O dereito dos particulares para ser indemnizados polas Administracións Públicas correspondentes, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, nace unicamente se a lesión é consecuencia do funcionamento anormal dos servizos públicos.
- c) A anulación en vía administrativa ou pola orde xurisdiccional contenciosa administrativo dos actos ou disposicións administrativas presupón, por si mesma, dereito á indemnización.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

39. Segundo o artigo 118 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, será requisito previo a toda venda ou permuta de bens patrimoniais:

- a) A inspección técnica dos mesmos que acredite de modo fidedigno a súa superficie.
- b) A comprobación previa dos lindeiros para os efectos de eventuais reclamacións de propiedade.
- c) A valoración técnica dos mesmos que acredite de modo fidedigno o seu xustiprezo.
- d) A valoración xurídica dos mesmos que acredite de modo fidedigno o seu xustiprezo.

40. A suspensión firme por sanción disciplinaria dos funcionarios de carreira (artigo 90.2 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público) non poderá exceder de:

- a) Un ano.
- b) Seis meses.
- c) Dez anos.
- d) Seis anos.



41. Segundo o disposto no artigo 15 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do estatuto básico do empregado público é un dereito individual dos empregados públicos exercido colectivamente:

- a) A progresión na carreira profesional.
- b) A libre asociación profesional.
- c) O exercicio de folga.
- d) A libre asociación profesional.

42. De acordo co artigo 92 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, con carácter xeral, os postos de traballo na Administración local serán desempeñados por:

- a) Persoal laboral.
- b) Persoal directivo.
- c) Persoal funcionario.
- d) Persoal eventual.

43. De acordo co disposto no artigo 63 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público non é unha causa da perda da condición de funcionario:

- a) A perda da nacionalidade.
- b) A sanción disciplinaria de separación do servizo que tivera carácter provisional.
- c) A xubilación total do funcionario.
- d) A renuncia á condición de funcionario.

44. Segundo o disposto no artigo 8 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, os empregados públicos clasifícanse en:

- a) Funcionarios de carreira, persoal laboral, xa sexa fixo, indefinido ou temporal e persoal eventual.
- b) Funcionarios de carreira, funcionarios interinos, persoal directivo, persoal laboral, xa sexa fixo, indefinido ou temporal e persoal eventual.
- c) Funcionarios de carreira, persoal laboral, xa sexa fixo, indefinido ou temporal e persoal eventual.
- d) Funcionarios de carreira, funcionarios interinos, persoal laboral, xa sexa fixo, indefinido ou temporal e persoal eventual.

45. Os funcionarios de carreira que desempeñen cargos electivos e de dedicación exclusiva nas entidades locais, pasan á seguinte situación administrativa:

- a) Excedencia.
- b) Servizo activo.
- c) Servizos Especiais.
- d) Servizo noutras administracións públicas.



46. Segundo o disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a creación de novos municipios só poderá realizarse sobre a base de núcleos de poboación territorialmente diferenciados.

- a) De alomenos 1.000 habitantes.
- b) De alomenos 5.000 habitantes.
- c) De alomenos 2.000 habitantes.
- d) De alomenos 1.500 habitantes.

47. Segundo o disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, o novo municipio resultante da fusión non poderá segregarse ata transcorridos:

- a) 5 anos.
- b) 10 anos.
- c) 8 anos.
- d) 15 anos.

48. Segundo o disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, as medidas de redimensionamento para a adecuación das estruturas organizativas, inmobiliarias, de persoal e de recursos resultantes da fusión de municipios serán aprobados:

- a) Polo Consello de Goberno da Comunidade Autónoma.
- b) Polo Pleno de cada corporación local.
- c) Polo Pleno da deputación provincial.
- d) Por Resolución de alcaldía.

49. Segundo o disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a delegación de competencias da administración xeral do Estado ou da administración xeral das Comunidades Autónomas nos municipios non poderá ter unha duración inferior a:

- a) 5 anos.
- b) 10 anos.
- c) 8 anos.
- d) 2 anos.

50. Segundo o disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, as deputacións provinciais exercerán a súa competencia propia relativa á prestación dos servizos de xestión da recadación tributaria, en período voluntario e executivo e de servizos de apoio á xestión financeira dos municipios con poboación inferior a:

- a) 20.000 habitantes.
- b) 5.000 habitantes.
- c) 10.000 habitantes.
- d) 15.000 habitantes.



51. Segundo o artigo 87 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, toda sesión, ordinaria ou extraordinaria, haberá de respectar:

- a) O principio de unidade de acto.
- b) O principio de economía procesual.
- c) O principio de eficacia administrativa.
- d) O principio de eficiencia.

52. Segundo o artigo 16 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, a inscrición no Padrón Municipal só subministrará efecto de conformidade polo tempo que subsista o feito que a motivou e, en todo caso, deberá ser obxecto de renovación periódica cando se trate da inscrición de estranxeiros non comunitarios sen autorización de residencia permanente:

- a) Cada dous anos.
- b) Cada catro anos.
- c) Anualmente.
- d) Cada cinco anos.

53. Segundo o disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a aprobación do expediente acreditativo da conveniencia e oportunidade da que dispoñen as entidades locais para exercer a iniciativa pública para o desenvolvemento de actividades económicas, corresponde:

- a) Ao Alcalde.
- b) Á Xunta de Goberno Local.
- c) Ao Pleno.
- d) Ao Consello de Goberno da Comunidade Autónoma.

54. Segundo o artigo 82.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, na orde do día das sesións extraordinarias ¿incluírase o punto de rogos e preguntas?:

- a) Si.
- b) Non, nunca.
- c) Só nas extraordinarias urxentes.
- d) Segundo o tema a tratar.



55. Segundo o artigo 81 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a alteración da cualificación xurídica dos bens das entidades locais prodúcese automaticamente coa:

- a) Aprobación definitiva dos plans de ordenación urbana e dos proxectos de obras e servizos, e coa adscrición de bens patrimoniais por máis de vinte e cinco anos a un uso ou servizo públicos.
- b) Aprobación provisional dos plans de ordenación urbana e dos proxectos de obras e servizos, e coa adscrición de bens patrimoniais por máis de vinte e cinco anos a un uso ou servizo públicos.
- c) Aprobación definitiva dos plans de ordenación urbana e dos proxectos de obras e servizos, e coa adscrición de bens patrimoniais por máis de trinta anos a un uso ou servizo públicos.
- d) En ningún caso.

56. De conformidade co establecido no artigo 21 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, os axustes ao alza do orzamento prorrogado:

- a) Poden financiarse con recursos finalistas acadados durante a vixencia da prórroga.
- b) Poden financiarse con baixas doutros créditos producidas durante a vixencia da prórroga.
- c) Poden financiarse cos axustes á baixa practicados pola finalización no exercicio anterior de programas de gasto financiados con recursos finalistas.
- d) Poden financiarse cos axustes á baixa practicados pola finalización no exercicio anterior de programas de gasto financiados con recursos propios.

57. De conformidade co establecido no artigo 165 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e nos artigos 9 e 43 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, as bases de execución do orzamento:

- a) Poden prever os réximes de declaración e ingreso dos ingresos non tributarios do Concello.
- b) Poden contemplar a posibilidade de acumular as fases ADOP de execución do orzamento de gastos.
- c) Poden atribuír á alcaldía a tramitación de xeracións de crédito.
- d) Poden atribuír á alcaldía a tramitación de transferencias de crédito entre aplicacións correspondentes a distintas áreas de gasto, salvo cando afecten a gastos de persoal.

58. O nivel de vinculación xurídica dos créditos será o que determinen as bases de execución do orzamento. A máxima apertura da vinculación que poden establecer é:

- a) Area de gasto e concepto.
- b) Area de gasto e capítulo.
- c) Grupo de función e área de gasto.
- d) Area de gasto e artigo.



59. De conformidade co establecido no artigo 190 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e no artigo 69 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, a figura do pagamento a xustificar:

- a) Destínase en todos os casos a atender de xeito inmediato o abono de gastos periódicos e/ou de carácter repetitivo.
- b) Non se aplica ao orzamento en tanto non teña lugar a correspondente reposición de fondos a favor do habilitado destinatario do pagamento.
- c) Aplicarase ao orzamento con carácter previo á entrega dos fondos ao habilitado do pagamento a xustificar.
- d) Deberá ser xustificado no prazo máximo de seis meses desde a entrega dos fondos.

60. As desviacións de financiamento:

- a) Poderán calcularse respecto de calquera proxecto de gasto que se determine polo Concello a través das bases de execución do orzamento.
- b) No primeiro exercicio de vida do proxecto de gasto, o importe das desviacións acumuladas será igual ao das desviacións imputables ao exercicio.
- c) No último exercicio de vida do proxecto, o importe das desviacións imputables ao exercicio será igual ao das acumuladas ao longo da vida do proxecto.
- d) As desviacións do exercicio axustan á alza ou á baixa a cifra do remanente de tesourería.

61. Inciden negativamente na estabilidade do orzamento:

- a) As facturas recibidas ao longo do exercicio que permanezan pendentes de aprobación a 31 de decembro.
- b) As facturas pendentes de aprobación ao remate do exercicio.
- c) As obrigas recoñecidas nos capítulos 1 a 7 do orzamento, excepto se están financiadas con achegas finalistas.
- d) Os ingresos recadados por riba dos dereitos recoñecidos netos nos capítulos 1, 2 e 3 do orzamento.

62. A obriga recoñecida na execución dun gasto de investimento:

- a) Non formará parte do gasto computable a efectos de verificar o cumprimento da regra de gasto cando estea financiado con ingresos finalistas.
- b) Non formará parte do gasto computable a efectos de verificar o cumprimento da regra de gasto cando estea financiado cunha achega finalista procedente da UE ou doutras AAPP.
- c) Formará en calquera caso parte do gasto computable a efectos de verificar o cumprimento da regra de gasto, ao resultar imputable ao capítulo 6 do orzamento.
- d) Non representará un incumprimento do obxectivo de gasto en caso de que a entidade rexistre no exercicio un volume de ingresos similar ou superior aos empregos non financeiros.



63. O Concello recibe o ingreso anticipado dunha subvención:

- a) En virtude da afectación do ingreso á atención dun gasto específico, o Concello contará en todo momento cun importe de fondos líquidos similar ou superior ao recibido, depositado nunha conta restrinxida, a fin de garantir o puntual pagamento dos gastos subvencionados.
- b) En virtude do principio de unidade de caixa, o ingreso será necesariamente transferido á conta operativa principal do Concello, a fin de garantir o seu destino á realización de pagamentos do mesmo xeito que os restantes fondos líquidos municipais.
- c) En virtude do principio de unidade de caixa, deberá destinarse á realización de pagamentos do mesmo xeito que os restantes fondos líquidos do Concello.
- d) Como excepción ao principio de afectación, o ingreso recibido poderá ser empregado unicamente á atención dos gastos subvencionados.

64. A realización por parte do Concello de pagamentos mediante o emprego de tarxetas bancarias:

- a) Non resulta posible en ningún caso, ao representar a alteración do proceso ordinario de execución do orzamento.
- b) Resultará posible mediante tarxetas de crédito, sempre que así se estableza nas bases de execución do orzamento.
- c) No marco dun anticipo de caixa fixa, resultará posible a atención de pagamentos mediante tarxeta de crédito.
- d) Resultará posible, mediante tarxetas de débito, no marco dun anticipo de caixa ou dun pagamento a xustificar, se así o prevén as bases de execución do orzamento, e o determina a resolución que constitúa o pagamento a xustificar ou o anticipo de caixa fixa.

65. A expedición das ordes de pago haberá de acomodarse ao plan de disposición de fondos da tesourería que se estableza polo presidente que, en todo caso, deberá recoller a prioridade:

- a) Dos gastos de persoal e das obrigas contraídas en exercicios anteriores.
- b) Dos gastos de persoal, das obrigas contraídas en exercicios anteriores e dos gastos relacionados coa execución de proxectos financiados con recursos afectados.
- c) Dos gastos de persoal, das obrigas contraídas en exercicios anteriores, dos gastos relacionados coa execución de proxectos financiados con recursos afectados e dos gastos destinados a satisfacer os intereses e o capital da débeda pública.
- d) Dos gastos destinados a satisfacer os intereses e o capital da débeda pública, dos gastos de persoal, e das obrigas contraídas en exercicios anteriores.



66. Ante a inexistencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria de imputación, o Concello pretende adxudicar un contrato correspondente ao departamento de cultura con cargo ao crédito existente nas aplicacións orzamentarias de administración xeral (grupo de programas 920). A formulación pola Intervención dun reparo:

- a) Non terá carácter suspensivo, ao ser imputado o gasto a aplicacións de administración xeral.
- b) Non ten carácter suspensivo, ao se tratar dun contrato de carácter menor e estar garantida a existencia de crédito.
- c) Terá carácter suspensivo, correspondendo ao Pleno a resolución da discrepancia que se expoña.
- d) Ten carácter suspensivo, correspondendo o seu levantamento á Alcaldía, con carácter indelegable.

67. A entidade local pretende aprobar, mediante resolución da Alcaldía, unha transferencia de crédito entre aplicacións correspondentes a distintos grupos de función que non afecta a gastos de persoal. A Intervención emitirá un informe que:

- a) Emitirase en exercicio da función de fiscalización, e terá efectos suspensivos sobre a tramitación do expediente a causa da incompetencia do órgano.
- b) Emitirase en exercicio da función de fiscalización, sen efectos suspensivos sobre tramitación do expediente.
- c) Emitirase en exercicio da función de control financeiro, con efectos suspensivos sobre a tramitación do expediente.
- d) Emitirase en exercicio da función de control financeiro permanente, sen efectos suspensivos sobre a tramitación do expediente.

68. De conformidade co establecido na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, do Tribunal de Cuentas, a responsabilidade contable:

- a) Pode ser esixida exclusivamente polo Tribunal de Cuentas.
- b) Pode ser esixida polo Tribunal de Cuentas, excepto cando os feitos foran constitutivos de delito, en que o órgano xudicial determinará igualmente a responsabilidade contable nacida deles.
- c) Pode ser esixida polos órganos de fiscalización externa autonómicos, incluída resolución do proceso, no marco do correspondente convenio de delegación.
- d) Pode ser esixida con carácter exclusivo polos órganos de fiscalización externa autonómicos, incluída resolución do proceso, en caso de ter sido asumida esta competencia no marco do Estatuto da Autonomía.



69. Nas Comunidades Autónomas cuxos Estatutos establecesen órganos propios de fiscalización

- a) O Tribunal de Cuentas poderá delegar nos órganos autonómicos de control externo a instrución dos procedementos xurisdicionais para o axuizamento da responsabilidade contable en que incorra quen teña ao seu cargo o manexo de caudais ou efectos públicos.
- b) O Tribunal de Cuentas poderá delegar nos órganos autonómicos de control externo a instrución e resolución dos procedementos xurisdicionais para o axuizamento da responsabilidade contable en que incorran quen teña ao seu cargo o manexo de caudais ou efectos públicos.
- c) Se no exercicio da súa función fiscalizadora o órgano autonómico de control externo advertise a existencia de indicios de responsabilidade contable, poderá dar traslado das correspondentes actuacións ao Tribunal de Cuentas para que este efectúe o axuizamento das mesmas.
- d) Se no exercicio da súa función de axuizamento contable, os órganos autonómicos de control externo advertisen a existencia de indicios de responsabilidade penal, darán traslado das correspondentes actuacións ao Tribunal de Cuentas, para que este efectúe o axuizamento das mesmas.

70. De conformidade co establecido no artigo 16 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, as ordenanzas fiscais aprobadas polas entidades locais:

- a) Poderán establecer exencións no tributo sempre e cando non fosen previstas na lei con carácter taxativo.
- b) Poderán establecer bonificacións no tributo sempre e cando non fosen previstas na lei con carácter taxativo.
- c) Poden designar ao suxeito pasivo substituto do contribuínte cando este non o fose na lei de creación do tributo.
- d) Nos tributos de exacción voluntaria, establecerán, entre outros extremos, o feito imponible, suxeito pasivo, responsables, exencións, reducións e bonificacións.

71. A modificación no mes de xaneiro dos beneficios fiscais previstos na ordenanza reguladora dun imposto municipal de devindicación anual:

- a) Resultará de aplicación aos feitos impositivos realizados a partir da data de publicación.
- b) Terá efectos no exercicio seguinte ao de publicación da modificación.
- c) Resultará de aplicación aos feitos impositivos realizados no propio exercicio, sempre e cando a modificación sexa publicada no boletín antes da aprobación do primeiro padrón fiscal correspondente ao exercicio fiscal.
- d) Resultará de aplicación aos feitos impositivos realizados no propio exercicio unicamente si elo resulta beneficioso para o suxeito pasivo.



72. De conformidade co establecido no artigo 36 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, naqueles casos en que a lei configure a existencia dun substituto do contribuínte, o pagamento da cota tributaria:

- a) Corresponderá ao contribuínte, se ben a acción de cobro poderá ser dirixida en calquera momento ao substituto en caso de que o contribuínte non atendera o seu pagamento en período voluntario.
- b) Corresponderá ao substituto do contribuínte, se ben a acción de cobro poderá ser dirixida en calquera momento ao contribuínte en caso de que o substituto non atendera o seu pagamento en período voluntario.
- c) Corresponderá ao substituto, debendo ser dirixida ao contribuínte a derivación da acción administrativa en caso de que o substituto fora declarado fallido.
- d) Corresponderá ao substituto do contribuínte, en todo caso.

73. De conformidade co establecido no artigo 41 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, a declaración da responsabilidade:

- a) Require, en todo caso, que tivera transcorrido o período voluntario de pagamento sen que o obrigado principal abonase a débeda.
- b) Na responsabilidade solidaria, non require da previa declaración de fallido do obrigado principal.
- c) Na responsabilidade subsidiaria, require da previa declaración de fallido do obrigado principal, ou dos responsables solidarios.
- d) Alcanza á totalidade da débeda tributaria, salvo que a Lei estableza o contrario.

74. A interposición dun recurso de reposición contra unha liquidación tributaria practicada por unha entidade local:

- a) Será preceptivo en todo tipo de entidades locais, con carácter previo á interposición dun recurso contencioso administrativo.
- b) En entidades de máis de 250.000 habitantes, terá carácter voluntario.
- c) Será potestativo cando o acto sexa susceptible de reclamación económico administrativa.
- d) Será potestativo, en todo caso.

75. As prestacións patrimoniais de carácter público non tributarias:

- a) Regúlanse mediante ordenanza fiscal.
- b) Regúlanse mediante ordenanza non fiscal, seguindo o procedemento establecido no artigo 17 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
- c) Regúlanse mediante ordenanza non fiscal, seguindo o procedemento establecido nos artigos 49 e 70 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- d) Non precisan da aprobación dunha ordenanza, sendo suficiente con que o Pleno estableza as súas condicións.



76. A efectos do imposto sobre bens inmobles e de conformidade co establecido no artigo 61 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, cando un mesmo inmueble se atope localizado en distintos termos municipais entenderase:

- a) Que pertence ao termo municipal no que ocupe unha maior superficie.
- b) Que pertence a cada termo municipal en función da superficie que ocupe en cada un deles.
- c) Que pertence ao termo municipal que se solicite expresamente polo titular do ben.
- d) Que pertence ao termo municipal que se determine polo Catastro Inmobiliario.

77. De conformidade co disposto no artigo 75 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os feitos, actos ou negocios que deben ser obxecto de declaración ou comunicación do imposto sobre bens inmobles terán efectividade:

- a) A partir da data de presentación da declaración ou comunicación ante o Catastro Inmobiliario
- b) A partir da data na que se dita o acordo de alteración da descrición catastral do ben.
- c) Na data da devindicación do imposto inmediatamente posterior á data na que se dita o acordo de alteración da descrición catastral do ben.
- d) Na data de devindicación do imposto inmediatamente posterior ao momento no que produzan efectos catastrais.

78. De conformidade co establecido no artigo 72 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais os tipos de gravame do imposto sobre bens inmobles son:

- a) Mínimo e supletorio do 0,4 por cento para bens inmobles urbanos e rústicos.
- b) Mínimo e supletorio do 0,4 por cento para bens inmobles urbanos e do 0,3 por cento para bens inmobles rústicos.
- c) Máximo do 1,10 por cento para bens inmobles urbanos e rústicos.
- d) Máximo do 1,10 por cento para bens inmobles urbanos e do 1 por cento para bens inmobles rústicos.

79. De conformidade co establecido nos artigos 78 e 81 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, constitúe feito impoñible do imposto sobre actividades económicas:

- a) O exercicio en territorio nacional de actividades agrícolas.
- b) O exercicio de actividades gandeiras, cando teñan carácter independente.
- c) A exposición de artigos co fin exclusivo de decoración ou adorno do establecemento.
- d) A venda de produtos que se reciben en pago de traballos persoais ou servizos profesionais.



80. De conformidade co establecido no artigo 85 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais:

- a) A exacción das cotas mínimas municipais levarase a cabo pola correspondente Deputación provincial ou Comunidade autónoma uniprovincial en cuxo ámbito teña lugar a realización das actividades correspondentes.
- b) A exacción das cotas provinciais levarase a cabo pola correspondente Deputación provincial ou Comunidade autónoma uniprovincial en cuxo ámbito teña lugar a realización das actividades correspondentes.
- c) A exacción das cotas provinciais levarase a cabo pola Delegación provincial da Axencia Estatal de Administración tributaria en cuxo ámbito teña lugar a realización das actividades correspondentes.
- d) A exacción das cotas nacionais levarase a cabo pola correspondente Deputación provincial ou Comunidade autónoma uniprovincial en cuxo ámbito teña lugar a realización das actividades correspondentes.

81. En relación ao coeficiente de situación do imposto sobre actividades económicas e de conformidade co establecido no artigo 87 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais:

- a) O coeficiente de situación non poderá ser inferior a 0,4 nin superior a 3,8.
- b) O coeficiente de situación non poderá ser inferior a 0,4 nin superior a 2,8.
- c) Aos efectos da fixación do coeficiente de situación, o número de categorías de rúas que debe establecer cada concello non poderá ser inferior a 2 nin superior a 7.
- d) A diferenza de valor do coeficiente atribuído a unha rúa con respecto ao atribuído á categoría superior ou inferior non poderá ser menor de 0,20.

82. De conformidade co establecido no artigo 96 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais o período impositivo do imposto sobre vehículos de tracción mecánica:

- a) Coincide co ano natural en todos os casos.
- b) Coincide co ano natural, salvo no caso de baixa definitiva do vehículo.
- c) Coincide co ano natural, salvo no caso de primeira adquisición do vehículo.
- d) Non coincide co ano natural.

83. En relación ao imposto sobre vehículos de tracción mecánica e de conformidade co establecido no artigo 95 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais:

- a) Os concellos non poderán incrementar as cotas fixadas no cadro de tarifas recollido no apartado 1º do mesmo artigo 95.
- b) Os concellos poderán incrementar as cotas fixadas no apartado 1º do mesmo artigo 95 mediante a aplicación dun coeficiente, que deberá ser o mesmo para todas as clases de vehículos previstas no cadro de tarifas.
- c) Os concellos poderán incrementar as cotas fixadas no apartado 1º do mesmo artigo 95 mediante a aplicación dun coeficiente, que poderá ser distinto para cada unha das clases de vehículos previstas no cadro de tarifas.
- d) Os concellos poderán incrementar as cotas fixadas no apartado 1º do mesmo artigo 95 mediante a aplicación dun coeficiente que non poderá ser superior a 3.



84. De conformidade co establecido no artigo 102 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais o imposto sobre construcións, instalacións e obras devíndicase:

- a) No momento no que o interesado solicita a concesión da licenza de obras ou urbanística, ou que presenta a comunicación previa ou declaración responsable.
- b) No momento no que a administración concede a licenza preceptiva, ou toma razón da comunicación previa ou declaración responsable.
- c) No momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda que non se obtivera a correspondente licenza.
- d) No momento no que se remata a construción, instalación ou obra.

85. De conformidade co establecido no artigo 102 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais o tipo de gravame do imposto sobre construcións, instalacións e obras:

- a) Pode ser fixado por cada Concello, sen que poida exceder do 4 por cento.
- b) Pode ser fixado por cada Concello, sen que poida exceder do 3 por cento.
- c) Non pode ser fixado polos Concellos e é do 3 por cento.
- d) Non pode ser fixado polos Concellos e é do 4 por cento.

86. De conformidade co establecido no artigo 108 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais o tipo de gravame do imposto sobre o incremento de valor de terreos de natureza urbana:

- a) Será fixado na Lei de orzamentos xerais do Estado de cada exercicio e non pode exceder do 20%.
- b) Será fixado na Lei de orzamentos xerais do Estado de cada exercicio e non pode exceder do 30%.
- c) Será fixado por cada Concello e non pode exceder do 20%.
- d) Será fixado por cada Concello e non pode exceder do 30%.

87. De conformidade co establecido no artigo 24 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, con carácter xeral, o importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade:

- a) Non pode exceder, no seu conxunto, do custo real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu defecto, do valor da prestación recibida.
- b) Pode ser superior, no seu conxunto, ao custo real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu defecto, do valor da prestación recibida.
- c) O importe das taxas non ten vinculación co custo real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate nin co valor da prestación recibida.
- d) Os custos directos e indirectos do servizo non se teñen en consideración para a determinación do importe das taxas.



88. De conformidade co establecido no artigo 31 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais a base impoñible das contribucións especiais está constituída:

- a) Como mínimo, polo 90% do custe que a entidade local soporte pola realización das obras.
- b) Polo 90% do custe que a entidade local soporte pola realización das obras.
- c) Como máximo, polo 90% do custe que a entidade local soporte pola realización das obras.
- d) Como máximo, polo 80% do custe que a entidade local soporte pola realización das obras.

89. De conformidade co establecido no artigo 26 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais cando por causas non imputables ao suxeito pasivo non se preste un servizo polo que previamente fora esixido o abono de taxa:

- a) Non procede a devolución da taxa abonada.
- b) Procede a devolución de, como máximo, o 95% da taxa abonada cando o interesado o solicite expresamente.
- c) Procede a devolución de, como máximo, o 90% da taxa abonada, ben sexa de oficio ou a instancias do suxeito pasivo.
- d) Procede a devolución da taxa abonada.

90. De conformidade co establecido no artigo 44 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais o importe dos prezos públicos:

- a) Debe ser igual ao coste do servizo ou actividade realizada.
- b) Sempre debe ser superior ao coste do servizo ou actividade realizada.
- c) Pode ser inferior ao coste do servizo ou actividade realizada cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que o aconsellen.
- d) Non ten vinculación co coste do servizo ou actividade realizada.

91. De conformidade co establecido no artigo 124 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os Concellos non incluídos no artigo 111 da mesma Lei participan nos tributos do Estado con arreglo aos seguintes criterios:

- a) O 75% en función do número de habitantes de dereito de cada Concello, segundo as cifras de poboación aprobadas polo Goberno, que figuren no último padrón municipal vixente, ponderadas polos coeficientes multiplicadores que se indican no mesmo artigo.
- b) O 12,5 % en función do inverso do esforzo fiscal medio de cada Concello obtido no segundo exercicio anterior ao da Lei de orzamentos xerais do Estado correspondente, ponderado polo número de habitantes de dereito.
- c) O 12,5 % en función do inverso do esforzo fiscal medio de cada Concello obtido no segundo exercicio anterior ao da Lei de orzamentos xerais do Estado correspondente, ponderado polo número de habitantes de feito.
- d) O 12,5 % en función da capacidade tributaria nos termos que establezan as Leis de orzamentos xerais do Estado.



92. De conformidade co establecido no artigo 62 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria o pago en período voluntario das débedas tributarias resultantes de liquidacións practicadas pola administración debe facerse nos seguintes prazos:

- a) No prazo de dous meses a contar desde o seguinte ao de publicación do anuncio no Boletín oficial da provincia.
- b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 5 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
- c) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
- d) Se a notificación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

93. De conformidade co establecido no artigo 67 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, o prazo de prescrición do dereito da administración á determinación da débeda tributaria nos tributos de cobro periódico por recibo, cando para determinar a débeda non sexa necesaria a presentación de declaración ou autoliquidación, comezará a contarse:

- a) Dende o día seguinte a aquel en que finalice o prazo de pago en período voluntario.
- b) Dende o día de devengo do tributo.
- c) Dende a data de realización do pago.
- d) Dende o día no que a administración realice calquera acción, con coñecemento formal do obrigado tributario, conducente á liquidación da obriga tributaria.

94. De conformidade co establecido no artigo 72 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, o obrigado tributario poderá solicitar a compensación das débedas tributarias:

- a) Unicamente cando se atopen en período voluntario de pago.
- b) Unicamente cando se atopen en período executivo de pago.
- c) Cando se atopen tanto en período voluntario de pago como en período executivo.
- d) En ningún caso.

95. De conformidade co establecido no artigo 65 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, a presentación dunha solicitude de fraccionamento en período voluntario:

- a) Impedirá o inicio do período executivo de pago, pero non o devengo dos xuros de demora.
- b) Impedirá o inicio do período executivo de pago así como o devengo dos xuros de demora.
- c) Impedirá o inicio do período executivo de pago pero só cando se preste garantía.
- d) Non impide o inicio do período executivo de pago.



96. De conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, en relación ás recargas do período executivo:

- a) Son dúas: recarga de apremio reducida e recarga de apremio ordinaria.
- b) A recarga de apremio ordinaria é compatible cos xuros de demora.
- c) A recarga de apremio reducida é do 5%.
- d) A recarga de apremio reducida aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario antes da notificación da providencia de apremio.

97. De conformidade co establecido no artigo 171 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, cando se efectúe o embargo de fondos depositados nunha conta aberta nunha entidade de crédito na que se efectúe habitualmente o abono de soldos, salarios ou pensións:

- a) Deberán respectarse as limitacións establecidas na Lei 1/2000, de 7 de xaneiro, de axuízamento civil mediante a súa aplicación sobre o importe que deba considerarse soldo, salario ou pensión do debedor.
- b) Deberán respectarse as limitacións establecidas no Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais sobre o importe que deba considerarse soldo, salario ou pensión do debedor
- c) Deberán respectarse as limitacións establecidas nas Leis de orzamentos xerais do Estado sobre o importe que deba considerarse soldo, salario ou pensión do debedor.
- d) Non existen limitacións.

98. De conformidade co establecido no artigo 173 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, o procedemento de apremio remata:

- a) Coa sinatura dun convenio entre a administración tributaria e o debedor polo que este recoñeza a existencia da débeda.
- b) Co acordo que declare o crédito total ou parcialmente incobrible, unha vez declarados fallidos todos os obrigados ao pago.
- c) No momento no que sexa ditada a correspondente dilixencia de embargo.
- d) No momento no que se solicite o fraccionamento da débeda.

99. De conformidade co establecido no artigo 164 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, cando o procedemento de apremio concorra cun procedemento concursal, o procedemento de apremio:

- a) Nunca terá preferencia para a execución dos bens ou dereitos embargados.
- b) Terá preferencia para a execución dos bens ou dereitos embargados sempre que o embargo acordado se teña efectuado antes da data de solicitude do concurso, atendendo á data da dilixencia de embargo do ben ou dereito
- c) Terá preferencia para a execución dos bens ou dereitos embargados sempre que o embargo acordado se teña efectuado antes da data de declaración do concurso, atendendo á data da dilixencia de embargo do ben ou dereito.
- d) Sempre terá preferencia para a execución dos bens ou dereitos embargados.



100. De conformidade co establecido nos artigos 221 e 32 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, na devolución de ingresos indebidos:

- a) A administración tributaria abonará os xuros de demora unicamente cando o interesado o solicite, desde a data en que fora realizado o ingreso indebido ata a data da solicitude de devolución.
- b) A administración tributaria abonará os xuros de demora unicamente cando o interesado o solicite, desde a data en que fora realizado o ingreso indebido ata a data de ordenación do pago da devolución.
- c) A administración tributaria abonará os xuros de demora sen necesidade de que o interesado o solicite, desde a data en que fora realizado o ingreso indebido ata a data da apertura do expediente de devolución.
- d) A administración tributaria abonará os xuros de demora sen necesidade de que o interesado o solicite, desde a data en que fora realizado o ingreso indebido ata a data de ordenación do pago da devolución.



PREGUNTAS DE RESERVA

R1. De conformidade co establecido no artigo 25 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, os obrigados ao pago poderán domiciliar o pago das débedas de notificación colectiva e vencemento periódico, para o que deben dirixir comunicación ao órgano de recadación:

- a) En calquera momento antes do comezo do período de cobro.
- b) Ao menos, 15 días antes do comezo do período de cobro.
- c) Ao menos, 1 mes antes do comezo do período de cobro.
- d) Ao menos, 2 meses antes do comezo do período de cobro.

R2. De conformidade co establecido no artigo 172 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria en relación á venta dos bens embargados:

- a) A administración tributaria liberará os bens embargados se o obrigado extingue a débeda tributaria e as costas do procedemento de apremio en calquera momento anterior á adxudicación dos bens.
- b) A administración tributaria poderá liberar os bens embargados se o obrigado extingue a débeda tributaria e as costas do procedemento de apremio en calquera momento anterior ao depósito dos bens.
- c) O único medio que se pode utilizar para a venta dos bens embargados é a poxa.
- d) Os únicos medios que se poden utilizar para a venta dos bens embargados son a poxa e a adxudicación directa, nos casos e condicións que se fixen regulamentariamente.

R3. Segundo o disposto na lexislación vixente en materia de persoal ao servizo das administracións públicas, non é un requisito para a adquisición da condición de funcionario:

- a) Tomar posesión dentro do prazo establecido.
- b) Acreditar, unha vez superado o proceso selectivo, que reúne os requisitos e condicións esixidos na convocatoria.
- c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- d) Ter dezaoito anos.

R4. Segundo o artigo 39 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

- a) As normas e actos ditados polos órganos das Administracións Públicas no exercicio da súa propia competencia deberán ser observadas polo resto dos órganos administrativos, salvo no caso de que non dependan xerarquicamente entre si ou pertencen a outra Administración.
- b) Os actos das Administracións Públicas suxeitos ao dereito Administrativo presumiranse válidos e producirán efectos desde a data en que se diten, salvo que neles dispóñase outra cousa.
- c) En ningún caso poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos administrativos.
- d) Prohibe a eficacia demorada dos actos administrativos.



R5. Na actualidade, e dende a incorporación de Bulgaria, Romanía e Croacia e a entrada en vigor do Tratado de Lisboa de 2007, a Comisión está composta por:

- a) 25 comisarios, un por cada Estado membro.
- b) 27 comisarios, un por cada Estado membro.
- c) 28 comisarios, un por cada Estado membro.
- d) 29 comisarios, un por cada Estado membro.